



Acción 2 Servizo Voluntario Europeo

www.juventudenaccion.migualdad.es

Programa
Xuventude
en Acción



D.G. Educación y Cultura
Programa "Juventud en Acción"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

injuve

Consulta sempre a guía do programa en www.programajuventudenaccion.migualdad.es ou pregunta na túa comunidade ou cidade autónoma.



EDICIÓN Ministerio de Igualdad - INJUVE

DISEÑO GRÁFICO lime^{sl}

A Decisión nº 1719/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, do 15 de novembro de 2006, establece para o período do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro de 2013 o programa “Xuventude en Acción”, relativo á educación non formal da mocidade no ámbito europeo e a través do cal se fomenta a participación activa e a cooperación entre mozos e mozas dos países participantes.

Sos obxectivos do programa:

- > Promover a cidadanía activa dos mozos e das mozas, en xeral, e a súa cidadanía europea, en particular.
- > Potenciar a solidariedade e promover a tolerancia dos mozos e das mozas, sobre todo co fin de reforzar a cohesión social da Unión Europea.
- > Favorecer o entendemento mutuo entre os mozos e as mozas de diferentes países.
- > Contribuír a mellorar a calidade dos sistemas de apoio ás actividades xuvenís e a reforzar a capacidade das organizacións da sociedade civil no ámbito da xuventude.
- > Favorecer a cooperación europea no ámbito da xuventude.

Accións do programa:



Acción 2

Servizo Voluntario Europeo

Que é o servizo Voluntario Europeo?

O Servizo Voluntario Europeo é unha experiencia de aprendizaxe no ámbito da educación non formal, na que a mocidade voluntaria mellora ou adquire competencias para o seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional, así como para a súa integración social.

O Servizo Voluntario Europeo (SVE) apoia o traballo voluntario transnacional da xuventude. O seu obxectivo é desenvolver a solidariedade e promover a tolerancia entre a mocidade, fundamentalmente para reforzar a cohesión social na Unión Europea. Promove a cidadanía activa e a comprensión mutua entre os mozos e mozas.

O SVE realízase a través de actividades que implican unha asociación entre organizacións (promotores) sen ánimo de lucro legalmente establecidas, que envían ou acollen voluntarios

Os voluntarios/as desenvolven a actividade de voluntariado nun país distinto do seu país de residencia. Esta actividade, non remunerada e sen ánimo de lucro, realízase a tempo completo durante un período determinado en beneficio da comunidade.



Que non é un Servizo Voluntario Europeo?

- > O SVE non é unha actividade de voluntariado ocasional, sen estruturar e a tempo parcial.
- > O SVE non é un período de prácticas nunha empresa.
- > O SVE non é un traballo remunerado e non debe substituír un emprego remunerado.
- > O SVE non é unha actividade recreativa ou turística.
- > O SVE non é un curso de idiomas.
- > O SVE non é explotación de man de obra barata.
- > O SVE non é un período de estudos ou de formación profesional no estranxeiro.

no

Quen son os socios dun proxecto de SVE?

A posta en marcha dun proxecto de SVE require sempre a participación dos seguintes socios:

- > Unha ou máis organizacións de envío.
- > Unha ou máis organizacións de acollida.
- > Unha organización coordinadora (solicitante), que pode ser unha das organizacións de envío ou unha das organizacións de acollida (aínda que isto non é un requisito).
- > Unha ou máis persoas voluntarias.

Que tipo de organizacións (promotores) poden participar?

Cada organización participante no proxecto (promotor) debe ser:

- > unha organización sen ánimo de lucro/non gobernamental; ou
- > un organismo público local, rexional; ou
- > unha entidade activa no eido europeo no campo da xuventude; ou
- > unha organización gobernamental internacional; ou
- > unha organización con ánimo de lucro (só cando organice un evento no campo da xuventude, deporte ou cultura).

Acreditación das organizacións participantes no SVE:

Toda organización dun país do programa ou dun país do sueste de Europa que desexe enviar ou acoller persoas voluntarias ou coordinar un proxecto deberá acreditarse. As organizacións de países que non sexan países do programa ou países do sueste de Europa poden participar no Servizo Voluntario europeo, como socios do proxecto, sen acreditación.



Perfil da persoa voluntaria

O SVE está aberto a todos os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, independentemente do medio do que procedan, e que sexan residentes legais no país da organización de envío.

Realízanse esforzos especiais e concédense incentivos para que a mocidade con menos oportunidades, incluída aquela con discapacidade, participe activamente no SVE. Estas actividades de inclusión están abertas a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos de idade, coa condición de que se faga unha preparación adaptada ás necesidades específicas da persoa voluntaria e se preveña un acompañamento e un seguimento adecuados.

Cal é a duración do Servizo?

- > Actividade do SVE Individual ou Actividade do SVE de Grupo na que participen menos de 10 voluntarios: o Servizo pode durar un mínimo de 2 meses e un máximo de 12 meses.
- > Actividade de SVE de Grupo na que participen polo menos 10 voluntarios: o Servizo pode durar un mínimo de 2 semanas e un máximo de 12 meses.
- > Actividade de SVE na que participen mozos/as con menos oportunidades: o servizo pode durar un mínimo de 2 semanas e un máximo de 12 meses.

Só se permite a participación de cada voluntario nunha actividade do SVE.

Como encontrar unha organización?

Existe unha base de datos na que se poden encontrar todas as organizacións acreditadas dos países do programa e dos países veciños asociados do Sueste de Europa xa sexan coordinadoras, de envío ou acollida.

www.evsdatabase.eu

Que é un proxecto do Servizo Voluntario Europeo?

Un proxecto SVE pode centrarse en diversas temáticas e áreas de intervención: cultura, xuventude, deportes, asistencia social, patrimonio cultural, artes, protección civil, medio natural, cooperación para o desenvolvemento, etc.

Un proxecto de Servizo Voluntario Europeo está deseñado para implementar unha ou máis actividades SVE.

A actividade do SVE pode levarse a cabo individualmente ou en grupo.

Unha actividade do SVE individual inclúe só un voluntario/a enviado/a por unha Organización de Envío a unha Organización de Acollida.

Unha Actividade do SVE de Grupo inclúe entre 2 e 100 voluntarias/os enviados/as por varias Organizacións de Envío a unha ou varias Organizacións de Acollida. A característica distintiva da Actividade do SVE de Grupo é que as/os voluntarias/os levan a cabo o seu Servizo no mesmo marco temporal e as tarefas que realizan teñen unha temática común.

Darase prioridade a aqueles proxectos nos que:

- > Se dea acceso ao Programa “Xuventude en acción” aos mozos/mozas con menos oportunidades
- > Se conciencie aos mozos/as de que son cidadáns europeos, os proxectos deben ter unha forte “dimensión europea”
- > Se anime aos mozas/mozas a participar na vida democrática
- > Se potencie a diversidade e a aprendizaxe intercultural, así como a loita contra o racismo e a xenofobia.
- > Se teñan en conta as prioridades anuais.

Países participantes:

Estados membros da Unión Europea (UE)

Alemaña

Austria

Bélxica

Bulgaria

Chipre

Dinamarca

Eslovenia

España

Estonia

Finlandia

Francia

Grecia

Hungría

Irlanda

Italia

Letonia

Lituania

Malta

Luxemburgo

Países Baixos

Polonia

Portugal

República Checa

República Eslovaca

Romanía

Suecia

Reino Unido

Países do programa pertencentes á Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), membros do Espazo Económico Europeo (EEE)

Islandia

Liechtenstein

Noruega

Países participantes no programa que son candidatos á adhesión á Unión Europea

Turquía

Sueste de Europa

Albania

Bosnia e Herzegovina

Croacia

Antiga República Iugoslava de Macedonia (ARYM)

Kosovo baixo UNSC (Resolución 1244/99)

Montenegro

Serbia

Europa oriental e Cáucaso

Armenia

Azerbaixán

Bielorrusia

Xeorxia

Moldavia

Federación Rusa

Ucráina

Países asociados mediterráneos

Arxelia

Exipto

Israel

Xordania

Líbano

Marrocos

Autoridade Palestina de Cisjordania e Franxa de Gaza

Siria

Tunicia

Outros países asociados do mundo:

É posible a cooperación con outros países asociados do mundo que asinasen acordos coa Unión Europea no ámbito da xuventude. A lista de países pódese consultar na Guía do Programa.

Onde pode ter lugar o Servizo?

- > Unha persoa voluntarioa pertencente a un País do Programa pode levar a cabo o seu servizo noutro País do Programa, nun País Veciño Asociado ou noutro País Asociado do mundo.
- > Unha persoa voluntaria pertencente a un País Veciño Asociado ou doutro País Asociado do mundo debe levar a cabo o seu Servizo nun País do Programa.

0

Como se inicia un proxecto?

Calquera organización que desexe acoller, enviar ou coordinar un proxecto de SVE debe presentar un formulario de Manifestación de Interese para obter a acreditación como promotor de SVE.

Este formulario debe ser presentado na Axencia Nacional do país do promotor cando se trate de organizacións con sede nun País do Programa. No caso de España débese remitir á Axencia Nacional, a través do Organismo de Xuventude da Comunidade Autónoma correspondente.

Unha vez que se presenta a Manifestación de Interese e esta queda acreditada pola Axencia Nacional, inclúese na base de datos da Comisión Europea, con acceso libre a través de Internet.

2

Como facer un bo proxecto?

Respectando os principios e as normas de calidade esenciais do Servizo Voluntario, establecidos na Carta do SVE. Baseándose nunha asociación sólida entre as organizacións de acollida, de envío, de coordinación e a persoa voluntaria e existindo unha correspondencia adecuada entre o perfil do/da voluntario/a e as tarefas que van desenvolver.

As actividades, tarefas, condicións específicas de aloxamento, manutención, transporte, formación das persoas voluntarias así como a repartición de tarefas e de funcións entre os socios deben fixarse nun “Acordo de Actividades” que constitúe o compromiso entre as organizacións e as persoas voluntarias participantes nun proxecto.

3

4

5

Como se financian os proxectos?

A subvención concédese á organización coordinadora (solicitante) e no Acordo de Actividades faise un reparto de subvención entre as organizacións que participan no proxecto.

- > Custos de viaxe: 90% dos gastos
- > Custos de actividade de envío: (preparación da persoa voluntaria, seguro, seguimento, avaliación): 480 € (*) por voluntario/a.
- > Custos de actividade de acollida: (apoio á persoa voluntaria, formación lingüística, aloxamento, manutención.....): 460 (*) € por mes e voluntario/a.
- > Diñeiro de peto: a cantidade varía dun país a outro. En España son 105 € ao mes.
- > Custos de coordinación: 130 € (*) por organización (excluíndo a solicitante) e 100 € por voluntario/a.
- > Difusión e explotación de resultados: ata 500 € por nº de promotor.

Ademais para mozos/as con menos oportunidades:

- > Visita Planificación: 100% viaxe + cantidade (*) por noite e número de participantes da Organización de envío. A cantidade varía segundo os países.
- > Titoría reforzada: 250 € (*) por voluntario/a e mes.
- > Custos excepcionais: 100% dos custos.

Que obrigas teñen as entidades beneficiarias?

As entidades beneficiarias comprométese a levar a cabo o proxecto aprobado. A Comisión Europea, a Axencia Executiva, Axencias Nacionais e/ou a Corte Europea de Auditores, ou unha entidade encargada por estas, pode controlar mediante visitas ou auditorías o cumprimento das obrigas acordadas no convenio de subvención.

(*) ¡IMPORTANTE!

As cantidades fixas e a tanto alzado varían segundo os países. Os solicitantes deben aplicar as cantidades do país que acolle a Actividade (no caso de Intercambios Itinerantes, hai que utilizar as cantidades fixas e a tanto alzado do país no que a actividade se leva a cabo durante máis tempo). As cantidades que se han de aplicar para cada país aparecen na Guía do Programa.

Quen pode presentar unha solicitude de subvención?

Calquera organización acreditada, legalmente establecida nun País do Programa ou no Sueste de Europa.

Onde e como presentar a solicitude?

As solicitudes que se deben presentar á Axencia Nacional Española tramitaranse: (Deberase presentar orixinal e unha copia do formulario de solicitude por cada proxecto)

- Aos organismos de xuventude das Comunidades e Cidades con Estatuto de Autonomía para actividades e/ou proxectos para desenvolver no ámbito local, provincial ou autonómico.
- Á Dirección Xeral do Instituto da Xuventude, Servizo de Programas da Unión Europea, para actividades e/ou proxectos para desenvolver en mais dunha Comunidade ou Cidade Autónoma.

As solicitudes que se deben presentar á Axencia Executiva son:

- Solicitudes por parte de entidades activas no eido Europeo no campo da xuventude.
- Solicitudes por parte de promotores establecidos en Países Veciños Asociados do Sueste de Europa.
- Solicitudes nas que participen promotores pertencentes a Outros Países Asociados do Mundo.
- Solicitudes por parte de organizacións intergubernamentais.
- Solicitudes por parte de entidades con ánimo de lucro organizadoras de eventos na área da xuventude, o deporte ou a cultura.
- Solicitudes para proxectos ligados a eventos europeos ou internacionais de grande escala (Capital Europea da Cultura, Campionatos Deportivos Europeos, etc.).

Cando se pode presentar a solicitude?

Para proxectos enviados á Axencia Nacional hai cinco prazos de presentación no ano:

PROXECTOS QUE EMPEZAN ENTRE O	DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN
1 de maio e o 30 de setembro	1 de febreiro
1 de xullo e o 30 de novembro	1 de abril
1 de setembro e o 31 de xaneiro	1 de xuño
1 de decembro e o 30 de abril	1 de setembro
1 de febreiro e o 31 de xullo	1 de novembro

Para proxectos enviados á Axencia Executiva hai tres prazos de presentación no ano:

PROXECTOS QUE EMPEZAN ENTRE O	DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN
1 de agosto e o 30 de decembro	1 de febreiro
1 de decembro e o 30 de abril	1 de xuño
1 de marzo e o 31 de xullo	1 de setembro

Youthpass

É o resultado dunha iniciativa da Comisión Europea. Trátase dun certificado que recoñece e valida a participación e a aprendizaxe dos mozos e mozas no marco das accións do programa Xuventude en Acción.

Os seus obxectivos son mellorar o acceso ao mercado laboral da xuventude e as capacidades dos traballadores e traballadoras do ámbito da xuventude, facer unha reflexión sobre o proceso persoal da aprendizaxe non formal e informal e das competencias adquiridas durante o proxecto, así como o recoñecemento social do traballo no ámbito da xuventude.







DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Edificio administrativo San Lázaro s/n 3º andar
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544645// 544854 // 545712// 541688
galeuropa@xunta.es
<http://www.xuventude.net>



XACOBEO
2010



XUNTA
DE GALICIA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Edificio administrativo San Lázaro s/n 3º andar
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981544645// 544854 // 545712// 541688
galeuropa@xunta.es
<http://www.xuventude.net>